

## CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS TITULACIÓNS ACADÉMICAS

2021	LIC. BIOLÓXICAS
2025	LIC. CIENCIAS DO MAR

## CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMACIÓNS ESPECÍFICAS

030	COÑECIMENTOS INGLÉS
605	EXPERIENCIA INVESTIGADORA SUPERIOR A DOUS ANOS EN ACUICULTURA (R.L.)
606	EXPERIENCIA INVESTIGADORA SUPERIOR A DOUS ANOS EN PATOLOXÍA (R.L.)
607	EXPERIENCIA INVESTIGADORA SUPERIOR A DOUS ANOS EN RECURSOS MARIÑOS (R.L.)

## CÓDIGO - DESCRICIÓN DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

AXG	ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA.
-----	--

## CÓDIGO - DESCRICIÓN DOS COMPLEMENTOS SALARIAIS

B10	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PERIGOSIDADE.
B14	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE ESPECIAL DEDICACIÓN.

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Decreto 282/2008, do 18 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.*

O Plan galego de estatística é, conforme o artigo 6 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia. Para o seu desenvolvemento e a súa execución o Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, aprobará un Programa estatístico que terá a vixencia dun ano natural, conforme establece o artigo 9 da citada lei.

O Plan galego de estatística 2007-2011, aprobado pola Lei 16/2006, do 27 de decembro, prevé que os programas estatísticos anuais inclúan a relación de operacións estatísticas que satisfagan as súas metas de información, recollendo para cada unha delas as características que determina o seu artigo 11. Ademais, os programas poderán incluír unha relación doutras actividades estatísticas vinculadas aos obxectivos do plan.

En cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, o proxecto do Programa estatístico anual 2009 foi elaborado polo Instituto Galego de Estatística, despois do informe preceptivo do Consello Galego de Estatística.

En virtude de todo o anterior, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezoito de decembro de dous mil oito,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Aprobación do Programa estatístico anual 2009.*

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e no artigo 11 da Lei 16/2006, do 27 de decembro, do Plan galego de estatística 2007-2011, apróbase o Programa estatístico anual da Comunidade Autóno-

ma de Galicia para o ano 2009. Este programa inclúe as operacións e outras actividades estatísticas que darán cumprimento aos obxectivos do plan, en particular, aos obxectivos informativos plasmados nas metas de información estatística. Nos anexos I, II, III e IV recóllense, clasifícanse e descríbense estas actividades.

Artigo 2º.-*Obxectivos organizativos e instrumentais.*

1. Coa finalidade de contribuír á estruturación e ao desenvolvemento da organización estatística de Galicia e conseguir un uso máis racional dos recursos e da información dispoñible, poderanse establecer acordos de colaboración entre os organismos da Administración autonómica e destes con outros de ámbito local, autonómico, estatal, europeo ou internacional.

2. Desenvolveranse as actividades necesarias para asegurar a calidade e conexión do sistema estatístico cos usuarios, entre outras, a divulgación axeitada da información estatística de carácter oficial, a realización de proxectos de investigación estatística e a formación, tanto dos profesionais como dos usuarios. No anexo V ofrécese información máis detallada destas actividades.

Artigo 3º.-*Carácter das operacións estatísticas.*

As operacións incluídas nos programas anuais con proxecto técnico consideraranse oficiais após a publicación dos seus resultados.

### Disposición adicional

As actividades estatísticas incluídas neste programa levaranse a efecto dentro das dispoñibilidades orzamentarias existentes no estado de gastos do orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2009.

### Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o titular da Consellería de Economía e Facenda para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta norma.

Segunda.-Esta disposición entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2009.

Santiago de Compostela, dezaioito de decembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

José Ramón Fernández Antonio  
Conselleiro de Economía e Facenda

Anexo I. Metas de información coas operacións e outras actividades estatísticas que as satisfán.

Anexo II. Operacións e outras actividades estatísticas por organismo responsable.

Anexo III. Descrición das operacións estatísticas.

Anexo IV. Descrición das outras actividades estatísticas.

Anexo V. Outras actividades de interese estatístico.

### ANEXO I

#### Metas de información coas operacións e outras actividades estatística que as satisfán Programa estatístico anual 2009

1. Territorio, recursos naturais e ambiente.

1.1. Territorio e recursos naturais.

1.1.1. Territorio e oferta e demanda de solo.

11101 Estado do planeamento urbanístico dos concellos: en proxecto.

1.1.2. Infraestruturas. Estradas e portos.

11201 Capacidade das estradas competencia da comunidade autónoma: en curso.

1.1.3. Estática e dinámica forestal. Superficies e repoboacións. Montes veciñais e comunidades de montes.

11301 Explotación do rexistro de montes veciñais de man común: en curso.

11302 Producións forestais: en curso.

11303 Repoboación con fondos públicos: en proxecto.

1.1.4. Incendios forestais.

11401 Incendios forestais: en curso.

1.1.5. Recursos naturais e biodiversidade.

11501 Evolución das zonas de produción marisqueira: en implantación.

11502 Estatística sobre caza e pesca continental: en proxecto.

1.2. Ambiente.

1.2.1. Ambiente atmosférico. Climatoloxía e calidade do aire.

12101 Calidade do aire: en curso.

12102 Climatoloxía: en curso.

12103 Niveis polínicos: en curso.

1.2.2. Reservas, calidade, depuración e usos das augas.

12202 Reservas de auga: en curso.

12203 Sistema de información sobre calidade microbiolóxica das zonas de baño: en curso.

1.2.3. Residuos urbanos e industriais.

25205 Enquisa social: os fogares e o desenvolvemento sustentable: en cumprimento.

1.2.4. Infraccións e impacto ambiental.

1.2.5. Indicadores ambientais.

AE226 Indicadores ambientais.

2. Poboación e condicións sociais.

2.1. Poboación.

2.1.1. Poboación e movementos migratorios.

21101 Indicadores demográficos: en curso.

AE201 Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes.

AE222 Ventá demográfica.

AE301 Explotación do movemento natural da poboación.

AE302 Explotación dos movementos migratorios.

AE409 Estatísticas sobre a inmigración en Galicia.

2.1.2. Proxeccións demográficas. Poboación e fogares.

21201 Proxeccións de poboación: en reestruturación.

21202 Proxeccións de fogares: en reestruturación.

2.2. Sanidade.

2.2.1. Atención primaria e procesos hospitalarios. Listas de agarda.

22101 Conxunto mínimo básico de datos hospitalarios: en curso.

22102 Explotación do rexistro galego de interrupcións voluntarias do embarazo: en curso.

22103 Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica: en curso.

2.2.2. Prestación farmacéutica.

22201 Sistema de información de prestación farmacéutica: en proxecto.

2.2.3. Estado xeral da saúde da poboación, en particular cobertura vacinal e condutas de risco.

22301 Enquisa de cobertura vacinal: en implantación.

2.2.4. Morbilidade e o seu impacto sobre o mercado laboral.

22101 Conxunto mínimo básico de datos hospitalarios: en curso.

22401 Enfermidades de declaración obrigatoria: en curso.

22402 Explotación do rexistro galego da SIDA: en cumprimento.

22403 Explotación do rexistro galego de tuberculose: en curso sen proxecto.

22404 Sistema de información do cancro: en proxecto.

2.2.5. Mortalidade por causas.

22501 Análise da mortalidade: en curso.

22502 Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas: en cumprimento.

2.2.6. Consumo de drogas e asistencia a persoas drogodependentes.

22601 Estudo epidemiolóxico do consumo de drogas: en curso.

22602 Sistema de avaliación asistencial de drogodependencias: en curso.

2.3. Educación e capital humano.

2.3.1 Ensino preobrigatorio, obrigatorio e posobrigatorio non universitario.

23101 Estatística do ensino non universitario en Galicia: en curso.

23201 Datos estatísticos do sistema universitario de Galicia: en curso.

2.3.2. Ensino universitario, coa inclusión do acceso e da oferta e demanda de titulacións.

23201 Datos estatísticos do sistema universitario de Galicia: en curso.

23203 Indicadores do sistema universitario de Galicia: en proxecto.

2.3.3. Tránsito do sistema educativo ao mercado laboral.

23302 Inserción laboral dos titulados de formación profesional: en curso.

23304 Inserción laboral dos titulados no sistema universitario de Galicia: en proxecto.

AE108 Enquisa de poboación activa. Módulo sobre transición da escola ao traballo.

2.3.4. Formación non regrada, coa inclusión da realizada no seo das empresas.

23401 Estatística de escolas, casas de oficio e obradoiros de emprego: en curso.

23402 Formación profesional ocupacional: en curso.

2.4. Mundo laboral.

2.4.1. Sinistralidade e outras condicións de traballo. Accións preventivas.

24102 Sinistralidade laboral: en curso.

AE206 Estudo sobre salarios.

2.4.2. Concertación laboral, onde se inclúen conciliacións, negociación colectiva e eleccións sindicais.

24201 Conciliacións individuais e colectivas: en curso.

24202 Eleccións sindicais: en curso.

AE227 Negociación colectiva.

2.4.3. Conflitividade laboral, onde se inclúen infraccións, sancións, folgas, peches patronais e regulación de emprego.

24301 Folgas e peches patronais: en curso.

24302 Infraccións e sancións na orde social: en curso.

24303 Regulación de emprego: en curso.

2.4.4. Actividade, ocupación e desemprego, con especial atención á caracterización deste último.

24401 Apertura de centros de traballo: en curso.

24402 Centros especiais de emprego: en curso.

24403 Datos sobre ocupacións máis contratadas: en curso.

24404 Empresas de traballo temporal: en curso.

24405 Enquisa aos demandantes de emprego: en curso.

24406 Explotación do rexistro de contratos laborais: en curso sen proxecto.

24408 Informe do paro rexistrado: en curso sen proxecto.

24410 Persoal ao servizo da Administración autonómica: en cumprimento

24411 Enquisa de poboación activa en Galicia: en cumprimento.

AE218 Indicadores do mercado laboral.

AE303 Explotación da enquisa de poboación activa.

AE304 Explotación das afiliacións á Seguridade Social.

AE405 Tendencias do emprego.

2.5. Benestar, emprego do tempo e participación social.

2.5.1. Poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais.

25101 Explotación do censo de persoas con minusvalidez: en curso.

25102 Explotación do rexistro de fundacións e entidades de iniciativa social: en curso.

25103 Explotación dos rexistros de centros de igualdade e do benestar: en curso.

25104 Estatística de pensións non contributivas: en proxecto.

25404 Estatística de violencia de xénero: en curso.

AE306 Pensións e outras prestacións.

AE408 A realidade da muller galega.

2.5.2. Vida familiar e a súa conciliación co traballo, emprego do tempo e mobilidade.

25201 Estatística de protección de menores: en curso.

25202 Estatística de familias numerosas: en curso.

25203 Enquisa de condicións de vida. Módulo xeral: en curso.

25205 Enquisa social: os fogares e o desenvolvemento sustentable: en cumprimento.

AE408 A realidade da muller galega.

2.5.3. Pobreza e exclusión social.

25203 Enquisa de condicións de vida. Módulo xeral: en curso.

25301 Estatística sobre beneficiarios da RISGA e das axudas de emerxencia social: en curso.

2.5.4. Xustiza, seguridade e participación cidadá.

25402 Eleccións autonómicas: en proxecto.

25404 Estatística de violencia de xénero: en curso.

AE225 Asistencia xurídica gratuíta.

2.5.5. Indicadores sociais.

25502 Indicadores de xénero: en reestruturación.

25504 Indicadores de cohesión social: en proxecto.

25505 Indicadores sanitarios: en implantación.

2.6. Cultura e lecer.

2.6.1. Equipamentos e recursos culturais, deportivos e para o lecer.

26101 Explotación do rexistro de arquivos: en reestruturación.

26102 Explotación do rexistro de bibliotecas: en curso.

26103 Explotación do rexistro de museos: en cumprimento.

26104 Explotación da rede galega de teatros e auditorios: en curso.

2.6.2. Produción e oferta cultural.

26201 Explotación do rexistro de propiedade intelectual: en reestruturación.

2.6.3 Hábitos e prácticas culturais, deportivas e do lecer.

11502 Estatística sobre caza e pesca continental: en proxecto.

2.6.4 Prácticas lingüísticas.

26401 Enquisa de condicións de vida. Coñecemento e uso do galego: en curso.

26403 Enquisa da situación lingüística do persoal da Xunta de Galicia: en proxecto.

38201 Enquisa estrutural a empresas: en curso.

2.7. Vivenda.

2.7.1. Equipamento e características.

34101 Estatística de construción de edificios: en cumprimento.

2.7.2. Demanda e gasto. Vivendas protexidas e prezos da vivenda.

27201 Explotación do rexistro público de demandantes de vivenda de protección autonómica:

AE211 Accesibilidade á vivenda.

3. Estrutura produtiva.

3.1. Sector agrario.

3.1.1. Infraestrutura e efectivos agrarios. Capital e terra: facendas gandeiras, maquinaria e superficies agrícolas.

31101 Explotación do rexistro de avicultura: en curso.

31102 Explotación do rexistro de gando bovino: en curso.

31103 Explotación do rexistro de maquinaria agrícola: en curso.

31104 Explotación do rexistro de ovino e cabrún: en curso.

31105 Superficies agrícolas: en curso.

3.1.2. Características técnico-económicas das explotacións agrícolas.

31201 Estatística do sector hortoflorícola: en curso.

AE105 Utilización de medios de produción na explotación agraria.

3.1.3. Características técnico-económicas das explotacións gandeiras.

31301 Enquisa do sector avícola: en curso.

31302 Sector cunícola: en cumprimento.

31303 Sector porcino industrial: en cumprimento.

3.1.4. Producións e rendementos vexetais.

31401 Estrutura do viñedo de vinificación: en curso.

31402 Rendementos de cultivos: en curso.

3.1.5. Producións e rendementos animais: sacrificio de gando e produción de leite.

31501 Estatística de sacrificio de gando en matoiros: en cumprimento.

3.1.6. Produción ecolóxica e de calidade.

3.2. Pesca e acuicultura.

3.2.1. Infraestrutura e recursos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas.

32102 Explotación do rexistro de buques pesqueiros da comunidade autónoma: en curso.

3.2.2. Producións e características económicas das unidades de produción. Primeira venda de produtos pesqueiros.

32201 Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos: en curso.

32202 Estatística de produción de acuicultura mariña: en curso.

3.3. Enerxía e industria.

3.3.1. Produción, distribución e consumo de enerxía.

33101 Balance enerxético: en curso.

33102 Caracterización da xeración eléctrica do réxime especial: en implantación.

AE228 A enerxía en Galicia.

3.3.2. Caracterización do subsector mineiro.

3.3.3. Estrutura e dinámica na industria manufacturera, incluíndo a agroindustria.

33301 Explotación do rexistro da agroindustria: en curso.

33302 Explotación do rexistro industrial: en implantación.

38101 Explotación do directorio de empresas e unidades locais: en curso.

AE106 Contas económicas anuais. Estudo sobre empresas multilocalizadas.

3.4. Construción.

3.4.1. Construción. Rehabilitación e recuperación do patrimonio construído.

34101 Estatística de construción de edificios: en cumprimento.

34102 Rehabilitación e recuperación do patrimonio construído: en curso.

AE207 Seguimento e análise da construción.

3.5. Servizos de mercado.

3.5.1. Comercio interior e transporte de mercadorías e de pasaxeiros.

35102 Tráfico de mercadorías nos portos de titularidade autonómica: en proxecto.

3.5.2. Infraestrutura turística e hostaleira. Empresas e actividades turísticas.

35201 Explotación do rexistro de empresas e actividades turísticas: en curso.

3.5.3. Movemento turístico. Ocupación en establecementos regulamentados e non regulamentados.

37104 Análise estatística sobre o turismo: enquisa en orixe: en curso.

37105 Gasto dos non residentes en Galicia: en curso.

3.5.4. Servizos financeiros, servizos ás empresas e outros de mercado.

35401 Empresas de xogo e máquinas recreativas e de azar: en curso.

3.6. Administración pública e outros servizos non de mercado.

3.6.1. Administración autonómica. Recursos e gasto público en áreas de especial interese, como sanidade, educación, infraestruturas e I+D+i.

36101 Indicadores da actividade económica-financeira da comunidade autónoma: en curso.

36103 Estatística tributaria autonómica: en curso sen proxecto.

36104 Explotación do directorio de organismos das administracións públicas galegas: en reestruturación.

36105 Gasto educativo: en cumprimento.

36109 Salarios da Administración autonómica: en proxecto.

41203 Enquisa sobre a calidade nos servizos públicos e a e-administración: en proxecto.

AE220 Explotación do catálogo de servizos públicos de atención ao cidadán.

AE221 Mapas dos servizos de Galicia e os seus concellos (GALIMAP).

3.6.2. Administración local. Recursos e gasto público. Servizos públicos básicos.

41203 Enquisa sobre a calidade nos servizos públicos e a e-administración: en proxecto.

AE220 Explotación do catálogo de servizos públicos de atención ao cidadán.

AE221 Mapas dos servizos de Galicia e os seus concellos (GALIMAP).

3.6.3. Administración universitaria. Recursos e gasto público.

3.6.4. Seguimento e avaliación de plans de actuación.

36401 Seguimento dos programas operativos FEDER e FSE: en proxecto.

3.6.5. Institucións sen fins de lucro.

25102 Explotación do rexistro de fundacións e entidades de iniciativa social: en curso.

25103 Explotación dos rexistros de centros de igualdade e do benestar: en curso.

3.7. Mercados e prezos.

3.7.1. Demanda, mercados e axentes. Intercambios comerciais.

37102 Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León, Zamora e norte de Portugal.

37103 Análise estatística sobre o turismo: enquisa en destino: en curso.

37104 Análise estatística sobre o turismo: enquisa en orixe: en curso.

37105 Gasto dos non residentes en Galicia: en curso.

37106 Índice de confianza do consumidor: en reestruturación.

37107 Índices de competitividade: en curso.

37108 Enquisa de condicións de vida. Gasto dos fogares: en curso.

AE224 Análise sobre os intercambios comerciais entre Galicia e o resto de España.

AE305 Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario.

3.7.2. Prezos e índices de prezos, en particular, prezos agrarios e da terra.

37201 Índices de valor unitario para o comercio exterior e intracomunitario: en curso.

37202 Prezos agrarios: en cumprimento.

37203 Prezos da terra: en cumprimento.

37204 Prezos do leite: en reestruturación.

AE209 Informe das variacións do IPC.

3.8. Actividade empresarial.

3.8.1. Infraestrutura e demografía empresarial. Empresas e unidades locais.

38101 Explotación do directorio de empresas e unidades locais: en curso.

3.8.2 Características económico-financeiras do sector empresarial e a súa conxuntura.

38201 Enquisa estrutural a empresas: en curso.

38202 Confianza empresarial: en reestruturación.

38204 Enquisa de innovación empresarial: en curso.

3.8.3. Economía social. Cooperativas e outras formas asociativas.

38301 Cooperativas: en curso.

38302 Sociedades laborais: en curso.

3.9. Sistema de contas.

3.9.1. Contas económicas anuais e trimestrais.

39101 Contas económicas anuais: en curso.

39102 Contas económicas trimestrais: en curso.

AE106 Contas económicas anuais. Estudo sobre empresas multilocalizadas.

3.9.2. Marco *input-output*.

39201 Marco *input-output*: en curso.

3.9.3. Ampliacións do sistema. Indicadores municipais da renda dos fogares, matriz de contabilidade social e contas satélites.

39303 Contas económicas da agricultura: en cumprimento.

4. Sociedade da información, ciencia e tecnoloxía.

4.1. Sociedade da información.

4.1.1. Indicadores da sociedade da información.

41101 Sistema de indicadores da sociedade da información: en reestruturación.

41205 Enquisa de condicións de vida. Novas tecnoloxías: en curso.

4.1.2. Sociedade da información nos diversos sectores, en particular nos centros educativos e sanitarios.

23101 Estatística do ensino non universitario en Galicia: en curso.

38201 Enquisa estrutural a empresas: en curso.

41202 Situación das TIC nos centros sanitarios: en implantación.

41203 Enquisa sobre a calidade nos servizos públicos e a e-administración: en proxecto.

AE219 Observatorio sobre a calidade e a e-administración.

4.2. Ciencia e tecnoloxía.

4.2.1. Indicadores de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

42101 Sistema de indicadores da I+D+i: en reestruturación.

42102 Situación da certificación en Galicia: en curso.

4.2.2. Ciencia e tecnoloxía nos diversos sectores. Recursos e resultados.

38204 Enquisa de innovación empresarial: en curso.

42201 Financiamento da I+D no sistema universitario galego: en reestruturación.

42202 I+D no sistema sanitario galego: en implantación.

42203 Persoal dedicado á I+D no sistema universitario galego: en reestruturación.

### ANEXO II

#### Operacións e outras actividades estatísticas por organismo responsable

#### Programa estatístico anual 2009

Nota: as operacións elaboradas en colaboración entre organismos de varias consellerías aparecen varias veces.

Presidencia da Xunta:

26403 Enquisa da situación lingüística do persoal da Xunta de Galicia: en proxecto.

AE409 Estatísticas sobre a inmigración en Galicia. En colaboración co IGE.

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:

25101 Explotación do censo de persoas con minusvalidez: en curso.

25102 Explotación do rexistro de fundacións e entidades de iniciativa social: en curso.

25103 Explotación dos rexistros de centros de igualdade e do benestar: en curso.

25104 Estatística de pensións non contributivas: en proxecto.

25201 Estatística de protección de menores: en curso.

25202 Estatística de familias numerosas: en curso.

25301 Estatística sobre beneficiarios da RISGA e das axudas de emerxencia social: en curso.

25404 Estatística de violencia de xénero: en curso.

25502 Indicadores de xénero: en reestruturación.

AE408 A realidade da muller galega. En colaboración co IGE.

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:

24410 Persoal ao servizo da Administración autonómica: en cumprimento.

25402 Eleccións autonómicas: en proxecto.

35401 Empresas de xogo e máquinas recreativas e de azar: en curso.

41203 Enquisa sobre a calidade nos servizos públicos e a e-administración: en proxecto.

AE219 Observatorio sobre a calidade e a e-administración.

AE220 Explotación do catálogo de servizos públicos de atención ao cidadán.

AE221 Mapas dos servizos de Galicia e os seus concellos (GALIMAP).

AE225 Asistencia xurídica gratuíta.

Consellería de Economía e Facenda:

36101 Indicadores da actividade económica-financieira da comunidade autónoma: en curso.

36103 Estatística tributaria autonómica: en curso sen proxecto.

36104 Explotación do directorio de organismos das administracións públicas galegas: en reestruturación.

36109 Salarios da Administración autonómica: en proxecto.

36401 Seguimento dos programas operativos FEDER e FSE: en proxecto.

AE210 Observatorio da economía galega.

AE215 Observatorio fiscal.

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes:

11101 Estado do planeamento urbanístico dos concellos: en proxecto.

11201 Capacidade das estradas competencia da comunidade autónoma: en curso.

35102 Tráfico de mercadorías nos portos de titularidade autonómica: en proxecto.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

23101 Estatística do ensino non universitario en Galicia: en curso.

23201 Datos estatísticos do sistema universitario de Galicia: en curso.

23203 Indicadores do sistema universitario de Galicia: en proxecto.

23302 Inserción laboral dos titulados de formación profesional: en curso.

23304 Inserción laboral dos titulados no sistema universitario de Galicia: en proxecto.

36105 Gasto educativo: en cumprimento.

42201 Financiamento da I+D no sistema universitario galego: en reestruturación.

42203 Persoal dedicado á I+D no sistema universitario galego: en reestruturación.

Consellería de Innovación e Industria:

33101 Balance enerxético: en curso.

33102 Caracterización da xeración eléctrica do réxime especial: en implantación.

33302 Explotación do rexistro industrial: en implantación.

35201 Explotación do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas: en curso.

37102 Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León, Zamora e norte de Portugal: en curso.

37103 Análise estatística sobre o turismo: enquisa en destino: en curso.

37104 Análise estatística sobre o turismo: enquisa en orixe: en curso.

41101 Sistema de indicadores da sociedade da información: en reestruturación.

42101 Sistema de indicadores da I+D+i: en reestruturación.

42102 Situación da certificación en Galicia: en curso.

AE228 A enerxía en Galicia.

Consellería do Medio Rural:

11301 Explotación do rexistro de montes veciñais de man común: en curso.

11302 Producións forestais: en curso.

11303 Repoboación con fondos públicos: en proxecto.

11401 Incendios forestais: en curso.

31101 Explotación do rexistro de avicultura: en curso.

31102 Explotación do rexistro de gando bovino: en curso.

31103 Explotación do rexistro de maquinaria agrícola: en curso.

31104 Explotación do rexistro de ovino e cabrún: en curso.

31105 Superficies agrícolas: en curso.

31201 Estatística do sector hortoflorícola: en curso.

31301 Enquisa do sector avícola: en curso.

31302 Sector cunícola: en cumprimento.

31303 Sector porcino industrial: en cumprimento.

31401 Estrutura do viñedo de vinificación: en curso.

31402 Rendementos de cultivos: en curso.

31501 Estatística de sacrificio de gando en mata-doiros: en cumprimento.

33301 Explotación do rexistro da agroindustria: en curso.

37202 Prezos agrarios: en cumprimento.

37203 Prezos da terra: en cumprimento.

37204 Prezos do leite: en reestruturación.

39303 Contas económicas da agricultura: en cumprimento.

AE105 Utilización de medios de produción na explotación agraria.

AE401 Anuario de estatística agraria.

Consellería de Cultura e Deporte:

26101 Explotación do rexistro de arquivos: en reestruturación.

26102 Explotación do rexistro de bibliotecas: en curso.

26103 Explotación do rexistro de museos: en cumprimento.

26104 Explotación da rede galega de teatros e auditorios: en curso.

26201 Explotación do rexistro de propiedade intelectual: en reestruturación.

Consellería de Sanidade:

12203 Sistema de información sobre calidade microbiolóxica das zonas de baño: en curso.

22101 Conxunto mínimo básico de datos hospitalarios: en curso.

22102 Explotación do rexistro galego de interrupcións voluntarias do embarazo: en curso.

22103 Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica: en curso.

22201 Sistema de información de prestación farmacéutica: en proxecto.

22301 Enquisa de cobertura vacinal: en implantación.

22401 Enfermidades de declaración obrigatoria: en curso.

22402 Explotación do rexistro galego da SIDA: en cumprimento.

22403 Explotación do rexistro galego de tuberculose: en curso sen proxecto.

22404 Sistema de información do cancro: en proxecto.

22501 Análise da mortalidade: en curso.

22502 Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas: en cumprimento.



22601 Estudo epidemiolóxico do consumo de drogas: en curso.

22602 Sistema de avaliación asistencial de drogado dependencias: en curso.

25505 Indicadores sanitarios: en implantación.

41202 Situación das TIC nos centros sanitarios: en implantación.

42202 I+D no sistema sanitario galego: en implantación.

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos:

11501 Evolución das zonas de produción marisqueira: en implantación.

32102 Explotación do rexistro de buques pesqueiros da comunidade autónoma: en curso.

32201 Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos: en curso.

32202 Estatística de produción de acuicultura mariña: en curso.

AE402 Anuario de pesca.

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:

11502 Estatística sobre caza e pesca continental: en proxecto.

12101 Calidade do aire: en curso.

12102 Climatoloxía: en curso.

12103 Niveis polínicos: en curso.

12202 Reservas de auga: en curso.

AE226 Indicadores ambientais.

Consellería de Traballo:

23401 Estatística de escolas, casas de oficio e obradoiros de emprego: en curso.

23402 Formación profesional ocupacional: en curso.

24102 Sinistralidade laboral: en curso.

24201 Conciliacións individuais e colectivas: en curso.

24202 Eleccións sindicais: en curso.

24301 Folgas e peches patronais: en curso.

24302 Infraccións e sancións na orde social: en curso.

24303 Regulación de emprego: en curso.

24401 Apertura de centros de traballo: en curso.

24402 Centros especiais de emprego: en curso.

24403 Datos sobre ocupacións máis contratadas: en curso.

24404 Empresas de traballo temporal: en curso.

24405 Enquisa aos demandantes de emprego: en curso.

24406 Explotación do rexistro de contratos laborais: en curso sen proxecto.

24408 Informe do paro rexistrado: en curso sen proxecto.

38301 Cooperativas: en curso.

38302 Sociedades laborais: en curso.

AE218 Indicadores do mercado laboral.

AE227 Negociación colectiva.

AE405 Tendencias do emprego.

AE406 Anuario de estatísticas sociolaborais.

Consellería de Vivenda e Solo:

27201 Explotación do rexistro público de demandantes de vivenda de protección autonómica: en implantación.

34101 Estatística de construción de edificios: en cumprimento. En colaboración co IGE.

34102 Rehabilitación e recuperación do patrimonio construído: en curso.

Instituto Galego de Estatística:

21101 Indicadores demográficos: en curso.

21201 Proxeccións de poboación: en reestruturación.

21202 Proxeccións de fogares: en reestruturación.

24405 Enquisa aos demandantes de emprego: en curso.

24411 Enquisa de poboación activa en Galicia: en cumprimento.

25203 Enquisa de condicións de vida. Módulo xeral: en curso.

25205 Enquisa social: os fogares e o desenvolvemento sustentable: en cumprimento.

25504 Indicadores de cohesión social: en proxecto.

26401 Enquisa de condicións de vida. Coñecemento e uso do galego: en curso.

34101 Estatística de construción de edificios: en cumprimento. En colaboración coa Consellería de Vivenda e Solo.

37105 Gasto dos non residentes en Galicia: en curso.

37106 Índice de confianza do consumidor: en reestruturación.

37107 Índices de competitividade: en curso.

37108 Enquisa de condicións de vida. Gasto dos fogares: en curso.

37201 Índices de valor unitario para o comercio exterior e intracomunitario: en curso.

38101 Explotación do directorio de empresas e unidades locais: en curso.

38201 Enquisa estrutural a empresas: en curso.

38202 Confianza empresarial: en reestruturación.

38204 Enquisa de innovación empresarial: en curso.

39101 Contas económicas anuais: en curso.

39102 Contas económicas trimestrais: en curso.

39201 Marco *input-output*: en curso.

41205 Enquisa de condicións de vida. Novas tecnoloxías: en curso.

AE106 Contas económicas anuais. Estudo sobre empresas multilocalizadas.

AE108 Enquisa de poboación activa. Módulo sobre transición da escola ao traballo.

AE201 Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes.

AE202 Banco de series de conxuntura.

AE203 Atlas estatístico comarcal.

AE204 Portal estatístico para o mundo educativo.

AE205 Banco de datos territorial.

AE206 Estudo sobre salarios.

AE207 Seguimento e análise da construción.

AE209 Informe das variacións do IPC.

AE211 Accesibilidade á vivenda.

AE222 Ventá demográfica.

AE224 Análise sobre os intercambios comerciais entre Galicia e o resto de España.

AE301 Explotación do movemento natural da poboación.

AE302 Explotación dos movementos migratorios.

AE303 Explotación da enquisa de poboación activa.

AE304 Explotación das afiliacións á Seguridade Social.

AE305 Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario.

AE306 Pensións e outras prestacións.

AE403 Galicia en cifras. Anuario.

AE404 Datos estatísticos básicos de Galicia.

AE408 A realidade da muller galega. En colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

AE409 Estatísticas sobre a inmigración en Galicia. En colaboración coa Presidencia da Xunta.

AE703 Desenvolvemento de aplicacións web de retorno aos informantes.

AE704 Investigación e desenvolvemento de métodos de estimación de áreas pequenas.

AE706 Investigación e desenvolvemento de métodos de estimación da varianza.

AE707 Investigación e desenvolvemento de métodos de estimación e predición de agregados macroeconómicos.

AE802 Vocabulario estatístico.

### ANEXO III

#### Descrición das operacións estatísticas Programa estatístico anual 2009

11101 Estado do planeamento urbanístico dos concellos:

Organismo responsable:

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Dirección Xeral de Urbanismo.

Metas de información:

1.1.1. Territorio e oferta e demanda de solo.

Obxectivos:

Coñecer as principais características -fase na que se atopa, ano de inicio, ano de aprobación, etc.- dos planeamentos urbanísticos municipais.

Estado da operación: en proxecto.

11201 Capacidade das estradas competencia da comunidade autónoma:

Organismo responsable:

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Dirección Xeral de Obras Públicas.

Metas de información:

1.1.2. Infraestruturas. Estradas e portos.

Obxectivos:

Coñecer a capacidade das estradas que son competencia da comunidade autónoma.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: estacións de medición do tráfico.

Poboacional: estradas competencia da comunidade autónoma.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 52.500 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase en papel, en CD e na internet en abril de 2009.

11301 Explotación do rexistro de montes veciñais de man común:

Organismo responsable:

Consellería do Medio Rural. Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

Metas de información:

1.1.3. Estática e dinámica forestal. Superficies e repoboacións. Montes veciñais e comunidades de montes.

Obxectivos:

Ofrecer información estatística dos montes veciñais en man común especificando superficie declarada, número de parcelas...

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: provincias.

Poboacional: montes veciñais en man común rexistrados.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase na internet en decembro de 2009.

11302 Producións forestais:

Organismo responsable:

Consellería do Medio Rural. Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

Metas de información:

1.1.3. Estática e dinámica forestal. Superficies e repoboacións. Montes veciñais e comunidades de montes.

Obxectivos:

Coñecer as cortas de madeira (m<sup>3</sup>) por especies e provincias na comunidade autónoma.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: provincias.

Poboacional: madeira producida na comunidade.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase na internet en decembro de 2009.

11303 Repoboación con fondos públicos:

Organismo responsable:

Consellería do Medio Rural. Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

Metas de información:

1.1.3. Estática e dinámica forestal. Superficies e repoboacións. Montes veciñais e comunidades de montes.

Obxectivos:

Coñecer as principais características das repoboacións de montes efectuadas con fondos públicos da comunidade autónoma.

Estado da operación: en proxecto.

11401 Incendios forestais:

Organismo responsable:

Consellería do Medio Rural. Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

Metas de información:

1.1.4. Incendios forestais.

Obxectivos:

Coñecer o número de incendios forestais, a superficie e as especies arbóreas afectadas e a superficie queimada.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: lumes forestais.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 2.000 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2009 difundirase na internet en outubro de 2009.

11501 Evolución das zonas de produción marisqueira:

Organismo responsable:

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Dirección Xeral de Recursos Mariños.

Metas de información:

1.1.5. Recursos naturais e biodiversidade.

Obxectivos:

Recoller datos, sistemática e periodicamente, das poboacións-recurso de moluscos bivalvos infaunais directamente dos bancos explotados en Galicia, para obter información das variables máis significativas destas poboacións que permita coñecer con axilidade o seu estado actualizado e a súa evolución.

Estado da operación: en implantación.

11502 Estatística sobre caza e pesca continental:

Organismo responsable:

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Metas de información:

1.1.5. Recursos naturais e biodiversidade.

2.6.3. Hábitos e prácticas culturais, deportivas e do lecer.

Obxectivos:

Explotar estatisticamente os datos obtidos a partir das licenzas de caza e pesca outorgadas polo departamento responsable.

Estado da operación: en proxecto.

12101 Calidade do aire:

Organismo responsable:

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Metas de información:

1.2.1. Ambiente atmosférico. Climatoloxía e calidade do aire.

Obxectivos:

Coñecer o nivel de contaminantes na atmosfera.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: estacións de medición.

Poboacional: estacións de medición.

Periodicidade: diferentes periodicidades.

Orzamento: 16.000 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase en papel, CD e na internet en xullo de 2009.

12102 Climatoloxía:

Organismo responsable:

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.

Metas de información:

1.2.1. Ambiente atmosférico. Climatoloxía e calidade do aire.

Obxectivos:

Coñecer os datos climatolóxicos significativos de Galicia.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: estacións meteorolóxicas e climatolóxicas.

Poboacional: estacións meteorolóxicas e climatolóxicas.

Periodicidade: regular: continua.

Orzamento: 88.250 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase na internet en xaneiro de 2009 e en CD en setembro de 2009.

12103 Niveis polínicos:

Organismo responsable:

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Metas de información:

1.2.1. Ambiente atmosférico. Climatoloxía e calidade do aire.

Obxectivos:

Coñecer os niveis de pole na atmosfera.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: estacións de medición.

Poboacional: estacións de medición.

Periodicidade: diferentes periodicidades.

Orzamento: 4.000 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase en papel, en CD e na internet en xullo de 2009.

12202 Reservas de auga:

Organismo responsable:

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Augas de Galicia.

Metas de información:

1.2.2. Reservas, calidade, depuración e usos das augas.

Obxectivos:

Obter información sobre o volume de auga nas bacías de Galicia-costa e da ocupación dos encoros.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: encoro.

Poboacional: encoros situados nas bacías Galicia-Costa.

Periodicidade: regular: semanal.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

Publicaranse na internet os datos correspondentes a cada luns.

12203 Sistema de información sobre calidade microbiolóxica das zonas de baño:

Organismo responsable:

Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública.

Metas de información:

1.2.2. Reservas, calidade, depuración e usos das augas.

Obxectivos:

Coñecer a calidade microbiolóxica das augas de uso recreativo en Galicia.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: zonas de baño.

Poboacional: zonas de baño marítimas e continentais.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 4.680 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase en CD e na internet en xuño de 2009.

21101 Indicadores demográficos:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.1.1. Poboación e movementos migratorios.

Obxectivos:

Definir, elaborar e manter un sistema de indicadores demográficos que ofrezca unha imaxe de síntese sobre a situación demográfica nos distintos ámbitos territoriais.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: concellos.

Poboacional: non procede.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

Difundirase na internet a información de varios anos ao longo de 2009.

21201 Proxeccións de poboación:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.1.2. Proxeccións demográficas. Poboación e fogares.

Obxectivos:

Estimar a evolución futura da poboación galega, formulando os escenarios máis probables con base á información demográfica dispoñible.

Estado da operación: en reestruturación.

21202 Proxeccións de fogares:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.1.2. Proxeccións demográficas. Poboación e fogares.

Obxectivos:

Estimar o número de fogares galegos en distintas datas do futuro .

Estado da operación: en reestruturación.

22101 Conxunto mínimo básico de datos hospitalarios:

Organismo responsable:

Consellería de Sanidade. Secretaría Xeral.

Metas de información:

2.2.1. Atención primaria e procesos hospitalarios. Listas de agarda.

2.2.4. Morbilidade e o seu impacto sobre o mercado laboral.

Obxectivos:

Ofrecer información básica sobre os episodios de ingreso e da poboación atendida na rede de hospitais de agudos do Servizo Galego de Saúde e en Povisa, financiados polo Servizo Galego de Saúde.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: concellos.

Poboacional: episodios de ingreso na rede de hospitais de agudos do Servizo Galego de Saúde e Povisa.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 7.200 euros.

Forma e prazos de difusión:

Os anos 2006 e 2007 difundiranse en papel e na internet en decembro de 2009.

22102 Explotación do rexistro galego de interrupcións voluntarias do embarazo:

Organismo responsable:

Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública.

Metas de información:

2.2.1. Atención primaria e procesos hospitalarios. Listas de agarda.

Obxectivos:

Coñecer a frecuencia e as características das interrupcións voluntarias do embarazo realizadas polas mulleres que residen en Galicia.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: provincias.

Poboacional: interrupcións voluntarias do embarazo.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 3.000 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2007 difundirase na internet en febreiro de 2009.

22103 Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica:

Organismo responsable:

Consellería de Sanidade. Secretaría Xeral.

Metas de información:

2.2.1. Atención primaria e procesos hospitalarios. Listas de agarda.

Obxectivos:

Dar información cuantitativa sobre o número de pacientes e tempo de espera nos centros do Sergas.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: hospitais.

Poboacional: persoas residentes en Galicia.

Periodicidade: regular: trimestral.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

O cuarto trimestre de 2008 difundirase en xaneiro de 2009.

O primeiro trimestre de 2009 difundirase en abril de 2009.

O segundo trimestre de 2009 difundirase en xullo de 2009.

O terceiro trimestre de 2009 difundirase en setembro de 2009.

22201 Sistema de información de prestación farmacéutica:

Organismo responsable:

Consellería de Sanidade. Sergas.

Metas de información:

2.2.2. Prestación farmacéutica.

Obxectivos:

Coñecer a distribución e a evolución da prestación farmacéutica.

Estado da operación: en proxecto.

22301 Enquisa de cobertura vacinal:

Organismo responsable:

Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública.

Metas de información:

2.2.3. Estado xeral da saúde da poboación, en particular cobertura vacinal e condutas de risco.

Obxectivos:

Coñecer de xeito periódico a porcentaxe de poboación galega vacinada nas diferentes idades establecidas nos programas de vacinación.

Estado da operación: en implantación.

22401 Enfermidades de declaración obrigatoria:

Organismo responsable:

Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública.

Metas de información:

2.2.4. Morbilidade e o seu impacto sobre o mercado laboral.

Obxectivos:

Coñecer a incidencia das enfermidades de declaración obrigatoria en Galicia.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: concellos.

Poboacional: enfermidades de declaración obrigatoria.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 28.000 euros.

Forma e prazos de difusión:

Os anos 2007 e 2008 difundiranse en papel e na internet en setembro de 2009.

## 22402 Explotación do rexistro galego da SIDA:

Organismo responsable:

Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública.

Metas de información:

2.2.4. Morbilidade e o seu impacto sobre o mercado laboral.

Obxectivos:

Describir a incidencia, evolución e características da síndrome de inmunodeficiencia adquirida.

Estado da operación: en cumprimento.

Ámbitos de investigación:

Territorial: áreas de saúde.

Poboacional: casos de SIDA.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 4.000 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase en papel e na internet en xuño de 2009.

## 22403 Explotación do Rexistro Galego de Tuberculose:

Organismo responsable:

Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública.

Metas de información:

2.2.4. Morbilidade e o seu impacto sobre o mercado laboral.

Obxectivos:

Coñecer o número de casos, incidencia, evolución e características da tuberculose.

Estado da operación: en curso sen proxecto.

Ámbitos de investigación:

Territorial: unidade de tuberculose (UTB).

Poboacional: casos de tuberculose.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 6.000 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase en papel e na internet en novembro de 2009.

## 22404 Sistema de información do cancro:

Organismo responsable:

Consellería de Sanidade. Secretaría Xeral.

Metas de información:

2.2.4. Morbilidade e o seu impacto sobre o mercado laboral.

Obxectivos:

Coñecer a incidencia e a supervivencia dos tumores das persoas residentes en Galicia.

Estado da operación: en proxecto.

22501 Análise da mortalidade:

Organismo responsable:

Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública.

Metas de información:

2.2.5. Mortalidade por causas.

Obxectivos:

Coñecer a causa da morte dos residentes en Galicia.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: concellos.

Poboacional: defuncións de residentes na comunidade.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 0 euros.

Persoa ou entidade obrigada a subministrar información: persoa que inscribe no rexistro civil a defunción e médico que certifica a morte.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2007 difundirase na internet en novembro de 2009.

22502 Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas:

Organismo responsable:

Informar sobre as empresas -fabricantes, importadoras e distribuidoras- das máquinas recreativas e de azar e as empresas relacionadas cos xogos de azar e apostas -casinos, bingos, etc.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: provincias.

Poboacional: empresas fabricantes, importadoras e distribuidoras de máquinas de xogo.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase na internet en novembro de 2009.

36101 Indicadores da actividade económica-financieira da comunidade autónoma:

Organismo responsable:

Consellería de Economía e Facenda. Secretaría Xeral e do Patrimonio.

Metas de información:

3.6.1. Administración autonómica. Recursos e gasto público en áreas de especial interese, como sanidade, educación, infraestruturas e I+D+i.

Obxectivos:

Amosar a situación e a evolución dunha serie de indicadores de síntese das operacións realizadas pola administración autonómica durante un período de tempo determinado.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: Galicia.

Poboacional: administración xeral e organismos autónomos da comunidade autónoma.

Periodicidade: regular: trimestral.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

O terceiro trimestre de 2008 difundirase en xaneiro de 2009.

O cuarto trimestre de 2008 difundirase en abril de 2009.

O primeiro trimestre de 2009 difundirase en xullo de 2009.

O segundo trimestre de 2009 difundirase en outubro de 2009.

36103 Estatística tributaria autonómica:

Organismo responsable:

Consellería de Economía e Facenda. Secretaría Xeral e do Patrimonio.

Metas de información:

3.6.1. Administración autonómica. Recursos e gasto público en áreas de especial interese, como sanidade, educación, infraestruturas e I+D+i.

Obxectivos:

Compile e sintetizar os datos dos tributos recollidos na comunidade autónoma.

Estado da operación: en curso sen proxecto.

Ámbitos de investigación:

Territorial: Galicia.

Poboacional: administración xeral e organismos autónomos.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase na internet en decembro de 2009

36104 Explotación do directorio de organismos das administracións públicas galegas:

Organismo responsable:

Consellería de Economía e Facenda. Secretaría Xeral e do Patrimonio.

Metas de información:

3.6.1. Administración autonómica. Recursos e gasto público en áreas de especial interese, como sanidade, educación, infraestruturas e I+D+i.

Obxectivos:

Recoller e sistematizar a información básica dos organismos que integran as administracións xeral e institucional e, en particular, dos que con distintas formas xurídicas constitúen o sector empresarial público da comunidade autónoma.

Estado da operación: en reestruturación.

36105 Gasto educativo:

Organismo responsable:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral.

Metas de información:

3.6.1. Administración autonómica. Recursos e gasto público en áreas de especial interese, como sanidade, educación, infraestruturas e I+D+i.

Obxectivos:

Coñecer o gasto efectuado pola administración autonómica na educación.

Estado da operación: en cumprimento.

Ámbitos de investigación:

Territorial: Galicia.

Poboacional: administración xeral da comunidade autónoma.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase na internet en febreiro de 2009.

O ano 2009 difundirase na internet en decembro de 2009.

36109 Salarios da administración autonómica:

Organismo responsable:

Consellería de Economía e Facenda. Secretaría Xeral e do Patrimonio.

Metas de información:

3.6.1. Administración autonómica. Recursos e gasto público en áreas de especial interese, como sanidade, educación, infraestruturas e I+D+i.

Obxectivos:

Coñecer os salarios pagados aos traballadores da administración autonómica.

Estado da operación: en proxecto.

36401 Seguimento dos programas operativos FEDER e FSE:

Organismo responsable:

Consellería de Economía e Facenda. Secretaría Xeral e do Patrimonio.

Metas de información:

3.6.4. Seguimento e avaliación de plans de actuación.

Obxectivos:

Determinar o grao de eficacia da execución dos programas operativos e dos recursos utilizados a través do emprego de indicadores definidos a nivel adecuado.

Estado da operación: en proxecto.

37102 Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León, Zamora e norte de Portugal:

Organismo responsable:

Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Turismo.

Consellería de Innovación e Industria. Turgalicia.

Metas de información:

3.7.1. Demanda, mercados e axentes. Intercambios comerciais.



**Obxectivos:**

Cuantificar o número de excursións a Galicia realizadas por individuos maiores de 16 anos procedentes de Asturias, León, Zamora e norte de Portugal.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: Asturias, León, Zamora e norte de Portugal.

Poboacional: persoas que visitan Galicia entrando e saíndo no día.

Periodicidade: regular: semestral.

Orzamento: 17.000 euros.

Persoa ou entidade obrigada a subministrar información: persoa.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase na internet en xuño de 2009.

37103 Análise estatística sobre o turismo: enquisa en destino:

Organismo responsable:

Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Turismo.

Consellería de Innovación e Industria. Turgalicia.

Metas de información:

3.7.1. Demanda, mercados e axentes. Intercambios comerciais.

Obxectivos:

Coñecer a evolución do perfil do turista que visita Galicia e determinar en números relativos á distribución do gasto e a súa evolución, así como concretar o gasto medio/día por turista.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: Galicia.

Poboacional: persoas maiores de 16 anos que pernoitan polo menos unha noite fóra do seu domicilio habitual.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 42.000 euros.

Persoa ou entidade obrigada a subministrar información: persoa.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase en papel e CD en marzo de 2009.

37104 Análise estatística sobre o turismo: enquisa en orixe:

Organismo responsable:

Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Turismo.

Consellería de Innovación e Industria. Turgalicia.

Metas de información:

3.5.3. Movemento turístico. Ocupación en establecementos regulamentados e non regulamentados.

3.7.1. Demanda, mercados e axentes. Intercambios comerciais.

Obxectivos:

Caracterizar o turismo español en Galicia -fogares, viaxes e viaxeiros- segundo os motivos da viaxe e a comunidade autónoma de procedencia.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: Galicia.

Poboacional: fogares españois que visitaron Galicia.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 22.000 euros.

Persoa ou entidade obrigada a subministrar información: fogar.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase en papel e CD en setembro de 2009.

37105 Gasto dos non residentes en Galicia:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.5.3. Movemento turístico. Ocupación en establecementos regulamentados e non regulamentados.

3.7.1. Demanda, mercados e axentes. Intercambios comerciais.

Obxectivos:

Estudar o gasto efectuado na comunidade autónoma polos non residentes para a súa estimación en termos de contas económicas.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: provincias.

Poboacional: os viaxeiros non residentes en Galicia que pernoitan en establecementos hoteleiros.

Periodicidade: regular: trimestral.

Orzamento: 40.000 euros.

Persoa ou entidade obrigada a subministrar información: viaxeiro.

Forma e prazos de difusión:

O cuarto trimestre de 2008 difundirase o 30 de xaneiro de 2009.

O primeiro trimestre de 2009 difundirase o 30 de abril de 2009.

O segundo trimestre de 2009 difundirase o 30 de xullo de 2009.

O terceiro trimestre de 2009 difundirase o 30 de outubro de 2009.

37106 Índice de confianza do consumidor:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.7.1. Demanda, mercados e axentes. Intercambios comerciais.

Obxectivos:

Obter un rápido coñecemento dos cambios na percepción do consumidor, nos seus plans de gasto en servizos, bens de consumo duradeiro, etc.

Estado da operación: en reestruturación.

37107 Índices de competitividade:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.7.1. Demanda, mercados e axentes. Intercambios comerciais.

Obxectivos:

Obter uns índices que permitan seguir a evolución da competitividade exterior da economía galega nos mercados internacionais.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: Galicia.

Poboacional: non procede.

Periodicidade: diferentes periodicidades.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

Difundirase na internet información mensual e trimestral o 28 setembro e o 28 de decembro de 2009.

37108 Enquisa de condicións de vida. Gasto dos fogares:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.7.1. Demanda, mercados e axentes. Intercambios comerciais.

Obxectivos:

Ofrecer información sobre os gastos dos fogares galegos, tanto da súa contía como da súa tipoloxía: educación, saúde, protección social, hipoteca e alugueiro, gastos xerais do fogar (luz, auga, gas...) e autoconsumo.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: provincias.

Poboacional: fogares residentes en vivendas familiares principais.

Periodicidade: irregular.

Orzamento: 0 euros.

Persoa ou entidade obrigada a subministrar información: fogar.

Forma e prazos de difusión:

Non se difunde no ano 2009.

37201 Índices de valor unitario para o comercio exterior e intracomunitario:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.7.2. Prezos e índices de prezos, en particular prezos agrarios e da terra.

Obxectivos:

Obter unha aproximación aos índices de prezos das operacións de exportación e/ou expedición e importación e/ou introdución de mercadorías con orixe/destino en Galicia, excluindo o comercio co Resto de España.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: Galicia.

Poboacional: operacións de intercambios comerciais con orixe ou destino en Galicia.

Periodicidade: regular: mensual.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

A información referida a outubro de 2008 difundirase o 15 de xaneiro de 2009.

A información referida a novembro de 2008 difundirase o 13 de febreiro de 2009.

A información referida a decembro de 2008 difundirase o 13 de marzo de 2009.

A información referida a xaneiro de 2009 difundirase o 15 de abril de 2009.

A información referida a febreiro de 2009 difundirase o 15 de maio de 2009.

A información referida a marzo de 2009 difundirase o 15 de xuño de 2009.

A información referida a abril de 2009 difundirase o 15 de xullo de 2009.

A información referida a maio de 2009 difundirase o 14 de agosto de 2009.

A información referida a xuño de 2009 difundirase o 15 de setembro de 2009.

A información referida a xullo de 2009 difundirase o 15 de outubro de 2009.

A información referida a agosto de 2009 difundirase o 13 de novembro de 2009.

A información referida a setembro de 2009 difundirase o 15 de decembro de 2009.

37202 Prezos agrarios:

Organismo responsable:

Consellería do Medio Rural. Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

Metas de información:

3.7.2. Prezos e índices de prezos, en particular prezos agrarios e da terra.

Obxectivos:

Estimar os principais valores dos prezos agrarios percibidos e pagados polos agricultores.

Estado da operación: en cumprimento.

Ámbitos de investigación:

Territorial: provincias.

Poboacional: principais produtos agrarios, forestais e gandeiros.

Periodicidade: regular: mensual.

Orzamento: 40.000 euros.

Persoa ou entidade obrigada a subministrar información: explotacións agrícolas e gandeiras, cooperativas, mercados, almacéns, asociacións, comerciantes, lonxas...

Forma e prazos de difusión:

O ano 2007 difundirase na internet en setembro de 2009.

37203 Prezos da terra:

Organismo responsable:

Consellería do Medio Rural. Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

Metas de información:

3.7.2. Prezos e índices de prezos, en particular prezos agrarios e da terra.

Obxectivos:

Estimar o valor das diferentes categorías e especificacións da terra e analizar a evolución do prezo da terra.

Estado da operación: en cumprimento.

Ámbitos de investigación:

Territorial: provincias.

Poboacional: terras de cultivo non susceptibles doutros aproveitamentos diferentes dos agrícolas.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 14.000 euros.

Persoa ou entidade obrigada a subministrar información: compradores e vendedores de terras, rexistros, notaría, profesionais do sector...

Forma e prazos de difusión:

O ano 2007 difundirase na internet en setembro de 2009.

37204 Prezos do leite:

Organismo responsable:

Consellería do Medio Rural. Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

Metas de información:

3.7.2. Prezos e índices de prezos, en particular prezos agrarios e da terra.

Obxectivos:

Coñecer a evolución do prezo do leite percibido polas explotacións leiteiras.

Estado da operación: en reestruturación.

Compensación aos informantes: de acordo co artigo 23 da Lei 9/1998, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, o organismo responsable da operación poderá compensar o esforzo realizado polas unidades informantes, elixidas mediante mostraxe. A contía concreta da dita compensación determinarase mediante orde ditada polo dito organismo.

38101 Explotación do directorio de empresas e unidades locais:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.3.3. Estrutura e dinámica na industria manufacturera, incluíndo a agroindustria.

3.8.1. Infraestrutura e demografía empresarial. Empresas e unidades locais.

Obxectivos:

Elaborar e manter un conxunto organizado de información sobre empresas e unidades locais con actividade económica en Galicia.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: concellos.

Poboacional: empresas que realizan algunha actividade en Galicia e as súas unidades locais.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase na internet en decembro de 2009.

38201 Enquisa estrutural a empresas:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.6.4. Prácticas lingüísticas.

3.8.2. Características económico-financeiras do sector empresarial e a súa conxuntura.

4.1.2. Sociedade da información nos diversos sectores, en particular nos centros educativos e sanitarios.

Obxectivos:

Coñecer as principais características estruturais das empresas galegas.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: Galicia.

Poboacional: empresas con actividade en Galicia.

Periodicidade: irregular.

Orzamento: 1.500 euros.

Persoa ou entidade obrigada a subministrar información: empresa.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase na internet en outubro de 2009.

38202 Confianza empresarial:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.8.2. Características económico-financeiras do sector empresarial e a súa conxuntura.

Obxectivos:

Coñecer a evolución pasada e prevista da actividade das empresas galegas.

Estado da operación: en reestruturación.

38204 Enquisa de innovación empresarial:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.8.2. Características económico-financeiras do sector empresarial e a súa conxuntura.

4.2.2. Ciencia e tecnoloxía nos diversos sectores. Recursos e resultados.

Obxectivos:

Ofrecer información sobre o proceso de innovación nas empresas galegas.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: Galicia.

Poboacional: empresas con actividade en Galicia.

Periodicidade: irregular.

Orzamento: 0 euros.

Persoa ou entidade obrigada a subministrar información: empresa.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase na internet en novembro de 2009.

38301 Cooperativas:

Organismo responsable:

Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Metas de información:

3.8.3. Economía social. Cooperativas e outras formas asociativas.

Obxectivos:

Coñecer o número e as principais características das sociedades cooperativas.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: concellos.

Poboacional: sociedades cooperativas con domicilio social na comunidade autónoma.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 10.000 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase na internet en setembro de 2009.

38302 Sociedades laborais:

Organismo responsable:

Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Metas de información:

3.8.3. Economía social. Cooperativas e outras formas asociativas.

Obxectivos:

Cofecer o número e as principais características das sociedades laborais.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: concellos.

Poboacional: sociedades laborais con domicilio social na comunidade autónoma.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 10.000 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase na internet en setembro de 2009.

39101 Contas económicas anuais:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística

Metas de información:

3.9.1. Contas económicas anuais e trimestrais.

Obxectivos:

Analizar e avaliar a estrutura e evolución da economía de Galicia, no seu conxunto e os seus compoñentes de oferta, demanda e rendas.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: Galicia.

Poboacional: non procede.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2006 difundirase na internet en marzo de 2009.

39102 Contas económicas trimestrais:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.9.1. Contas económicas anuais e trimestrais.

Obxectivos:

Proporcionar unha descrición cuantitativa coherente do conxunto da actividade económica galega no pasado inmediato mediante un cadro macroeconómico trimestral elaborado desde a óptica da oferta e a demanda.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: Galicia.

Poboacional: non procede.

Periodicidade: regular: trimestral.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

O cuarto trimestre de 2008 difundirase o 3 de marzo de 2009.

O primeiro trimestre de 2009 difundirase o 20 de maio de 2009.

O segundo trimestre de 2009 difundirase o 27 de agosto de 2009.

O terceiro trimestre de 2009 difundirase o 18 de novembro de 2009.

39201 Marco input-output:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.9.2. Marco input-output.

Obxectivos:

Descibir o proceso produtivo e os fluxos de bens e servizos da economía de Galicia.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: Galicia.

Poboacional: non procede.

Periodicidade: regular: cada cinco anos.

Orzamento: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2005 difundirase na internet en xullo de 2009.

39303 Contas económicas da agricultura:

Organismo responsable:

Consellería do Medio Rural. Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

Metas de información:

3.9.3. Ampliacións do sistema. Indicadores municipais da renda dos fogares, matriz de contabilidade social e contas satélites.

Obxectivos:

Estimar a valoración das producións agrarias en metodoloxía SEC e analizar a evolución da renda agraria e das principais macromagnitudes.

Estado da operación: en cumprimento.

Ámbitos de investigación:

Territorial: provincias.

Poboacional: non procede.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 3.000 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2007 difundirase na internet en setembro de 2009.

41101 Sistema de indicadores da sociedade da información:

Organismo responsable:

Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

Metas de información:

4.1.1. Indicadores da sociedade da información.

Obxectivos:

Elaboración dunha serie de indicadores que traten de recoller todas as variables relevantes en materia de tecnoloxías da información e da comunicación que permitan analizar a repercusión e evolución das medidas adoptadas neste campo.

Estado da operación: en reestruturación.

41202 Situación das TIC nos centros sanitarios:

Organismo responsable:

Consellería de Sanidade. Secretaría Xeral.

Metas de información:

4.1.2. Sociedade da información nos diversos sectores, en particular nos centros educativos e sanitarios.

Obxectivos:

Coñecer a situación dos centros sanitarios no referente a implantación neles das novas tecnoloxías.

Estado da operación: en implantación.

41203 Enquisa sobre a calidade nos servizos públicos e a e-administración:

Organismo responsable:

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.

Metas de información:

3.6.1. Administración autonómica. Recursos e gasto público en áreas de especial interese, como sanidade, educación, infraestruturas e I+D+i.

3.6.2. Administración local. Recursos e gasto público. Servizos públicos básicos.

4.1.2. Sociedade da información nos diversos sectores, en particular nos centros educativos e sanitarios.

Obxectivos:

Ofrecer información sobre a calidade nos servizos públicos e o uso da administración electrónica no ámbito autonómico e local.

Estado da operación: en proxecto.

41205 Enquisa de condicións de vida. Novas tecnoloxías:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

4.1.1. Indicadores da sociedade da información.

Obxectivos:

Avaliar o impacto das novas tecnoloxías na poboación galega e medir a súa evolución ao longo do tempo.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: grupo de comarcas.

Poboacional: poboación residente nas vivendas familiares principais.

Periodicidade: irregular.

Orzamento: 0 euros.

Persoa ou entidade obrigada a subministrar información: persoa.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2008 difundirase na internet en setembro de 2009.

42101 Sistema de indicadores da I+D+i:

Organismo responsable:

Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Metas de Información:

4.2.1. Indicadores de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

Obxectivos:

Elaboración dunha serie de indicadores que traten de recoller todas as variables relevantes en materia de I+D+i que permitan analizar a repercusión e evolución das medidas adoptadas neste campo.

Estado da operación: en reestruturación.

42102 Situación da certificación en Galicia:

Organismo responsable:

Consellería de Innovación e Industria. Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvol-

vemento Tecnolóxico de Galicia. Metas de Información:

4.2.1. Indicadores de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

Obxectivos:

Ofrecer información sobre as certificacións en materia de calidade que obtiveron as empresas de Galicia.

Estado da operación: en curso.

Ámbitos de investigación:

Territorial: Galicia.

Poboacional: empresas certificadas.

Periodicidade: regular: anual.

Orzamento: 2.000 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2009 difundirase na internet en xuño de 2009.

42201 Financiamento da I+D no sistema universitario galego:

Organismo responsable:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia.

Metas de información:

4.2.2. Ciencia e tecnoloxía nos diversos sectores. Recursos e resultados.

Obxectivos:

Cuantificar os ingresos por investigación no SUG, derivados de proxectos de investigación con financiamento de convocatorias públicas, contratos, prestación de servizos, etc.

Estado da operación: en reestruturación.

42202 I+D no sistema sanitario galego:

Organismo responsable:

Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria.

Metas de información:

4.2.2. Ciencia e tecnoloxía nos diversos sectores. Recursos e resultados.

Obxectivos:

Coñecer a I+D realizada nos centros sanitarios.

Estado da operación: en implantación.

42203 Persoal dedicado á I+D no sistema universitario galego:

Organismo responsable:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia.

Metas de información:

4.2.2. Ciencia e tecnoloxía nos diversos sectores. Recursos e resultados.

Obxectivos:

Identificar ao persoal investigador, auxiliar e de xestión do SUG (en formación, formado e operativo) desagregado por centros, sexo, idade...

Estado da operación: en reestruturación.

#### ANEXO IV

##### Descrición das outras actividades estatísticas Programa estatístico anual 2009

AE105 Utilización de medios de produción na explotación agraria:

Organismo responsable:

Consellería do Medio Rural. Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

Metas de información:

3.1.2. Características técnico-económicas das explotacións agrícolas.

Obxectivos:

Estimar os principais valores dos medios de produción e dos consumos que se utilizan nas explotacións agrícolas e gandeiras para analizar a renda agraria.

AE106 Contas económicas anuais. Estudo sobre empresas multilocalizadas:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.3.3. Estrutura e dinámica na industria manufacturadora, incluíndo a agroindustria.

3.9.1. Contas económicas anuais e trimestrais.

Obxectivos:

Analizar as estruturas produtivas das empresas multilocalizadas con actividade en Galicia.

AE108 Enquisa de poboación activa. Módulo sobre transición da escola ao traballo:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.3.3. Tránsito do sistema educativo ao mercado laboral.

Obxectivos:

Afondar no estudo da inserción laboral realizando un módulo específico sobre este tema asociado á enquisa de poboación activa.

AE201 Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.1.1. Poboación e movementos migratorios.

Obxectivos:

Difundir as cifras de poboación dos residentes nas diversas entidades territoriais de Galicia, ofrecendo unha aplicación web que facilita a súa consulta.

AE202 Banco de series de conxuntura:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Obxectivos:

Ofrecer información conxuntural actualizada para Galicia a través dunha aplicación web que permite consultar estas series en forma de táboas e gráficos.

AE203 Atlas estatístico comarcal:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Obxectivos:

Sintetizar parte da información comarcal dispoñible na web do IGE en forma de mapas e gráficos.

AE204 Portal estatístico para o mundo educativo:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Obxectivos:

Facilitar a información estatística do IGE nuns formatos máis axeitados para o seu uso no ámbito educativo.

AE205 Banco de datos territorial:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Obxectivos:

Ofrecer a información estatística a través dunha aplicación web que facilite consultar os datos dispoñibles para un nivel xeográfico determinado -concello ou comarca- e permita realizar gráficos e mapas para facilitar a súa comprensión.

AE206 Estudo sobre salarios:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.4.1. Sinistralidade e outras condicións de traballo. Accións preventivas.

Obxectivos:

Facer un estudo coa información existente sobre salarios.

AE207 Seguimento e análise da construción:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.4.1. Construción. Rehabilitación e recuperación do patrimonio construído.

Obxectivos:

Compilar a información sobre o sector da construción das diferentes operacións estatísticas que nos permita caracterizar este ámbito.

AE209 Informe das variacións do IPC:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.7.2. Prezos e índices de prezos, en particular prezos agrarios e da terra.

Obxectivos:

Analizar os resultados do IPC e realizar unha predición a curto prazo no ámbito da comunidade autónoma.

AE210 Observatorio da economía galega:

Organismo responsable:

Consellería de Economía e Facenda. Secretaría Xeral e do Patrimonio.

Obxectivos:

Compilar e difundir as principais series económicas que nos permitan seguir a evolución da economía galega.

AE211 Accesibilidade á vivenda:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.7.2. Demanda e gasto. Vivendas protexidas e prezos da vivenda.

Obxectivos:

Obter un indicador que nos permita analizar a accesibilidade á compra dunha vivenda.

AE215 Observatorio fiscal:

Organismo responsable:

Consellería de Economía e Facenda. Secretaría Xeral e do Patrimonio.



Obxectivos:

Coñecer a percepción xeral dos contribuíntes galegos respecto a determinados aspectos fiscais.

AE218 Indicadores do mercado laboral:

Organismo responsable:

Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Metas de información:

2.4.4. Actividade, ocupación e desemprego, con especial atención á caracterización deste último.

Obxectivos:

Proporcionar unha plataforma na internet que facilite o acceso ao conxunto de datos relacionados co emprego que elabora o Observatorio Ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións.

AE219 Observatorio sobre a calidade e a e-administración:

Organismo responsable:

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.

Metas de información:

4.1.2. Sociedade da información nos diversos sectores, en particular nos centros educativos e sanitarios.

Obxectivos:

Ofrecer información sobre o desenvolvemento da calidade e a administración electrónica en Galicia.

AE220 Explotación do catálogo de servizos públicos de atención ao cidadán:

Organismo responsable:

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.

Metas de información:

3.6.1. Administración autonómica. Recursos e gasto público en áreas de especial interese, como sanidade, educación, infraestruturas e I+D+i.

3.6.2. Administración local. Recursos e gasto público. Servizos públicos básicos.

Obxectivos:

Dar información cuantitativa sobre os puntos de atención ao cidadán por parte das administracións públicas de Galicia.

AE221 Mapas dos servizos de Galicia e os seus concellos (GALIMAP):

Organismo responsable:

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.

Metas de información:

3.6.1. Administración autonómica. Recursos e gasto público en áreas de especial interese, como sanidade, educación, infraestruturas e I+D+i.

3.6.2. Administración local. Recursos e gasto público. Servizos públicos básicos.

Obxectivos:

Ofrecer información territorial sobre os servizos públicos de Galicia.

AE222 Xanela demográfica:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.1.1. Poboación e movementos migratorios.

Obxectivos:

Poñer a disposición dos usuarios unha ferramenta na web que permitirá obter toda a información demográfica das operacións e actividades estatísticas do IGE.

AE224 Análise sobre os intercambios comerciais entre Galicia e o resto de España:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.7.1. Demanda, mercados e axentes. Intercambios comerciais.

Obxectivos:

Estudar e difundir, a partir da información facilitada polo marco input-output e por outras fontes estatísticas, os intercambios comerciais entre Galicia e o resto de España.

AE225 Asistencia xurídica gratuíta:

Organismo responsable:

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Dirección Xeral de Xustiza.

Metas de información:

2.5.4. Xustiza, seguridade e participación cidadá.

Obxectivos:

Informar sobre a poboación que, con ingresos inferiores ao dobre do salario mínimo, utiliza o Sistema legal de Asistencia Xurídica Gratuíta, as súas nece-

sidades de defensa xurídica e os tipos de conflitos que lles afectan.

AE226 Indicadores ambientais:

Organismo responsable:

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Secretaría Xeral.

Metas de información:

1.2.5. Indicadores ambientais.

Obxectivos:

Obter un sistema de indicadores que proporcione información sobre as condicións e fenómenos ambientais.

AE227 Negociación colectiva:

Organismo responsable:

Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Metas de información:

2.4.2. Concertación laboral, onde se inclúen conciliacións, negociación colectiva e eleccións sindicais.

Obxectivos:

Coñecer as principais características -número, traballadores afectados...- dos convenios colectivos vixentes, así como cuantificar os convenios colectivos negociados.

AE228 A enerxía en Galicia:

Organismo responsable:

Consellería de Innovación e Industria. Inega.

Metas de información:

3.3.1. Produción, distribución e consumo de enerxía.

Obxectivos:

Ofrecer na web do Inega información estatística do sector enerxético recompilada de diversas fontes e operacións do propio Inega como o balance enerxético, emisións de CO2...

AE301 Explotación do movemento natural da poboación:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.1.1. Poboación e movementos migratorios.

Obxectivos:

Difundir os datos do movemento natural da poboación dos residentes na comunidade autónoma.

AE302 Explotación dos movementos migratorios:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.1.1. Poboación e movementos migratorios.

Obxectivos:

Difundir os datos das variacións de residencia no ámbito da comunidade autónoma.

AE303 Explotación da enquisa de poboación activa:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.4.4. Actividade, ocupación e desemprego, con especial atención á caracterización deste último.

Obxectivos:

Difundir os datos da poboación que reside na comunidade autónoma en relación coa actividade.

AE304 Explotación das afiliacións á Seguridade Social:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.4.4. Actividade, ocupación e desemprego, con especial atención á caracterización deste último.

Obxectivos:

Difundir os datos das afiliacións á Seguridade Social.

AE305 Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

3.7.1. Demanda, mercados e axentes. Intercambios comerciais.

Obxectivos:

Difundir os datos de comercio exterior e intracomunitario no ámbito da comunidade autónoma.

AE306 Pensións e outras prestacións:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.5.1. Poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais.

## Obxectivos:

Compilar e difundir a información dispoñible de pensións e outras prestacións das diversas fontes.

AE401 Anuario de estatística agraria:

Organismo responsable:

Consellería do Medio Rural. Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

## Obxectivos:

Compilar e difundir a información estatística agraria máis salientable obtida nas actividades estatísticas realizadas ao longo do ano.

AE402 Anuario de pesca:

Organismo responsable:

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Dirección Xeral de Recursos Mariños.

## Obxectivos:

Compilar e difundir as estatísticas socioeconómicas do sector pesqueiro.

AE403 Galicia en cifras. Anuario:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

## Obxectivos:

Compilar a información estatística no ámbito da comunidade autónoma e difundila en forma de anuario.

AE404 Datos estatísticos básicos de Galicia:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

## Obxectivos:

Compilar a información estatística básica no ámbito da comunidade autónoma e difundila en forma de folleto.

AE405 Tendencias do emprego:

Organismo responsable:

Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Metas de información:

2.4.4. Actividade, ocupación e desemprego, con especial atención á caracterización deste último.

## Obxectivos:

Coñecer a evolución do emprego na comunidade autónoma a partir da información ofrecida nas diferentes operacións estatísticas.

AE406 Anuario de estatísticas sociolaborais:

Organismo responsable:

Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

## Obxectivos:

Compilar a información estatística referida ás relacións laborais e difundila en forma de anuario.

AE408 A realidade da muller galega:

Organismo responsable:

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Instituto Galego de Estatística.

Metas de información:

2.5.1. Poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais.

2.5.2. Vida familiar e a súa conciliación co traballo, emprego do tempo e mobilidade.

## Obxectivos:

Representar a realidade das mulleres galegas en base a varias variables e comparar a súa situación coa dos homes.

AE409 Estatísticas sobre a inmigración en Galicia:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Presidencia da Xunta. Secretaría Xeral de Emigración.

Metas de información:

2.1.1. Poboación e movementos migratorios.

## Obxectivos:

Coñecer o número e características sociodemográficas da poboación inmigrante a partir de diferentes fontes.

AE703 Desenvolvemento de aplicacións web de retorno aos informantes:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

## Obxectivos:

Desenvolver un *software* que permita ofrecerlles aos informantes das operacións estatísticas os resultados destas máis desagregados xeográfica ou sectorialmente, que os ofrecidos na difusión estándar.

AE704 Investigación e desenvolvemento de métodos de estimación de áreas pequenas:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

## Obxectivos:

Mellorar as predicións ou estimacións de variables ou parámetros de interese nas enquisas realizadas polo IGE, considerando un nivel de desagregación maior daquel para o que se deseñou a enquisa.

AE706 Investigación e desenvolvemento de métodos de estimación da varianza:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Obxectivos:

Obter unha estimación dos erros de mostraxe cometidos nas diferentes enquisas levadas a cabo polo IGE.

AE707 Investigación e desenvolvemento de métodos de estimación e predición de agregados macroeconómicos:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Obxectivos:

Desenvolver diferentes metodoloxías para a estimación e predición dos principais agregados macroeconómicos.

AE802 Vocabulario estatístico:

Organismo responsable:

Instituto Galego de Estatística.

Obxectivos:

Elaborar un vocabulario que nos permita coñecer os termos estatísticos máis técnicos en varios idiomas.

#### ANEXO V

##### Outras actividades de interese estatístico Programa estatístico anual 2009

AIE01 Perfeccionamento profesional do sistema estatístico de Galicia.

AIE02 Fomento da formación especializada en estatística.

AIE03 Accións que potencien o coñecemento a través da estatística.

AIE04 Fomento da investigación estatística.

AIE05 Promoción da normalización metodolóxica na actividade estatística.

AIE06 Biblioteca e catalogación de documentos estatísticos.

AIE07 Inventario de actividades estatísticas.

AIE08 Programación e seguimento da actividade estatística.

AIE09 Desenvolvemento de software específico de apoio ao proceso estatístico.

AIE10 Actividades complementarias e de apoio á difusión de interese estatístico.

AIE11 Relacións co exterior en materia de estatística.

AIE12 Catálogo de rexistros administrativos de interese estatístico.

*Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2008 e 2009 as axudas aos traballadores residentes en Galicia para a contratación dun seguro de pagamentos protexidos.*

O artigo 30.1.1 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma galega, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, a competencia exclusiva en materia de fomento e planificación da actividade económica en Galicia.

No actual contexto, un dos principais problemas que dificultan a recuperación económica e desincentivan o consumo e o investimento é a falta de confianza dos axentes económicos e en particular das familias.

A subvención por parte da Administración autonómica dun seguro de pagamentos protexidos fronte ao desemprego que cubra o pagamento dos préstamos que financien o consumo de bens duradeiros (turismos novos), bens afectos á creación de emprego (reformas de vivenda para mellorar a eficiencia enerxética, renovación de sistemas de calefacción, etc.) e a adquisición de primeira vivenda, considérase que terá un efecto positivo na confianza de eventuais compradores e contribuirá a paliar esta situación e a dinamizar o consumo e, de xeito indirecto, a repercutir no mantemento da actividade do empresario galego.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Facenda, de acordo co marco normativo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 4/2006, do 30 de xullo, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, establece por medio desta orde as bases reguladoras para o período 2008-2009 e abre a convocatoria de axudas para 2008 e 2009 para a subvención dun seguro de pagamentos protexidos.

Por todo o exposto, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e convocar para 2008 e 2009 as axudas aos traballadores residentes en Galicia para a subscripción dos seguros de pagamentos protexidos que garantan o pagamento das cotas dos préstamos destinados ao investimento en primeira vivenda, ás reformas orientadas ao aforro enerxético e a sustentabilidade e á adquisición de turismos novos, en caso de perda do emprego e nos termos previstos nos artigos 7º a 9º desta orde.